

## Estela funerario de "O Outeiro"

03021801

### Datos de Localización

Inscrición

<b>Inmoble:</b>	Inmoble indeterminado
<b>Localización:</b>	Museo Arqueolóxico Nacional
<b>Coord. UTM</b>	<b>X:</b> 597752 <b>Y:</b> 4652978
<b>Concello:</b>	Porqueira
<b>Parroquia:</b>	SABUCEDO
<b>Lugar:</b>	Rial
<b>Tipoloxía:</b>	Epigrafía
<b>Tipo:</b>	Inscricións
<b>Subtipo:</b>	<b>Inscrición</b>
<b>Denominación:</b>	<b>Estela funerario de "O Outeiro"</b>



### Características

**Etapa Histórica** Época Romana

**Estilo:**

**Descrición:**

Medidas: 1.22 x 0.48 cm; letras 0.05/0.08 cm.

As letras están gravadas profundamente e distribúense en oito liñas de desigual altura.

Estela funeraria realizada nun bloque de granito de boa calidade. Apareceu no lugar de Sabucedo, nunhas terras que os veciños denominan "O Outeiro" arredor de 1936. Na actualidade atópase no Museo Arqueolóxico Nacional.

A decoración da peza concéntrase na rosácea hexapétala dextrorsa que se atopa no frontón triangular. Arredor da rosácea e coincidindo cos ángulos tres pequenos circuliños, o superior cunha aspa inscrita e os outros dous cun punto central.

A peza a pesares de gozar dun bo estado de conservación está fragmentada na base, faltándolle un pequeno anaco. Isto non afecta á inscrición que está completa. Resalta o marcado carácter arcaizante da inscrición.

Son varias as interpretacións que se levan feito da epigrafía desta peza, preséntase a continuación a de Lorenzo fernández (1):

BLIIN

DIIA

MANT

AI.F.M.

ONIMII

NTVS.ST

AT.FIICIT

MAXVMUS

BLEN / DEA / MANT / AI.F(ilia). M / ONIME / NTVS.ST / AT(uere) FECIT / MAXVMUS .

-Navascués (2) lee MANTIA, mentres Fuster (3) ve MANTAI.

-O primeiro lee ANNORUM II e o segundo FILIA.

Interpretación de Rodríguez Colmenero(4):

BLÉN

DEA

MANT

AI.F(ilia). M

ONIME

NTVS.ST

AT(uere) FECIT

MAX (vmvs) SOUS(enus)?

(ou tamén Max-umus, simplimente)

O nome de Blendea aparece aquí por vez primeira en España, mentres que Mantia xa era coñecido por outra inscrición galega de San Martiño do Río (Láncara, Lugo), que Hübner incluíu no *Corpus* tomado de Rada (C.I.L. II. 2588). Alude a unha moza de 18 anos chamada Aurelia Mantia, filla de Aurelius Fronto. Hübner tamén pensa que se pode ler o nome de Mantia noutra inscrición de Lugo (C.I.L. II. 2591).

NOTAS:

-(1)LORENZO FERNÁNDEZ, X., *Inscripciones romanas de Galicia. IV. Provincia de Orense*. CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1968, pp. 129-130, nº 127.

-(2)NAVASCUÉS, J. M.: "Nuevo epígrafe hispano-romano de Galicia", *Archivo Español de Arqueología*, t.XIV, 1940-1941, p. 222.

-(3)FERNÁNDEZ FUSTER, L.: "Sobre la lápida romana de Ginzo de Limia publicada en AEArc., 42 (1940-1941), 222", *Archivo Español de Arqueología*, t.XXIII, nº79, 1950, pp.198-199.

-(4)RODRÍGUEZ COLMENERO, A., *Aquae Flaviae. I. Fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*. Cámara Municipal de Chaves, Chaves, 1997, pp.245-246.

**Datación:**

**Autoría:**

**Materiais:** Granito

**Carac. Técnicas:**

**Alto:** 122 cm.

**Ancho:** 48 cm.

**Profundo:** 0 cm.

**Diámetro:** 0 cm.

**Perímetro:** 0 cm.

**Peso:** 0 Kg.

**Capacidade:** 0

**Xilófagos:**

**Perda Policromía:**

**Perda Material:**

**Observacións:** Segundo o artigo 60 da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español, este mobile está sometido ó réxime establecido para os Bens de Interese Cultural.

**Bibliografía:**

- FERNÁNDEZ FUSTER, L.: "Sobre la lápida romana de Ginzo de Limia publicada en AEArc., 42 (1940-1941), 222", *Archivo Español de Arqueología*, t.XXIII, nº79, 1950, pp.198-199.
- LORENZO FERNÁNDEZ, X., *Inscripciones romanas de Galicia. IV. Provincia de Orense*. CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1968, pp. 129-130, nº 127.
- NAVASCUÉS, J. M.: "Nuevo epígrafe hispano-romano de Galicia", *Archivo Español de Arqueología*, t.XIV, 1940-1941, p. 222.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., *Aquae Flaviae. I. Fontes epigráficas da Gallaecia meridional*

*interior*. Cámara Municipal de Chaves, Chaves, 1997, pp.245-246.

-RODRÍGUEZ COLMENERO, A., *Galicia meridional romana*. Universidad de Deusto, Bilbao, 1977, pp.242-243,407.

- Documentación:**
- Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32061ACH.
  - Ficha do catálogo do patrimonio arqueolóxico do concello de Porqueira (Ourense).



